

# Alumnado de ESA Semipresencial

## Importante!!!

O alumnado que **suspenda** algún ámbito na convocatoria de febreiro ten dúas opcións:

### OPCIÓN A:

**Examinarse da materia suspensa o xoves 12 de abril (avaliación extraordinaria).**

Ata ese día pode asistir á clase do curso seguinte nesa materia (ámbito) con matrícula condicional, que pasará a ser definitiva se aproba o 12 de abril. No caso de suspender, deberá abandonar ese ámbito e non poderá volver a matricularse nel ata setembro. Isto non afecta en nada aos ámbitos aprobados aos que poderá seguir asistindo e presentarse nas convocatorias de xuño e setembro.

### OPCIÓN B:

**Renunciar á avaliación extraordinaria.**

Deste modo xa non se examina o 12 de abril dos ámbitos suspensos e se matricula de novo neses ámbitos para o 2º cuatrimestre no mesmo curso no que estaba. Para renunciar á avaliación extraordinaria e matricularse nos ámbitos suspensos tan só é necesario presentar unha solicitude na oficina (o prazo finaliza o 11 de abril) ou enviar por mail a [oficina.epa.albeiros@gmail.com](mailto:oficina.epa.albeiros@gmail.com) escaneada ou fotografada indicando no asunto “renuncia á avaliación extraordinaria”. O modelo de solicitude facilítase na oficina ou na conserxería e tamén pode descargarse de [www.epalugo.org](http://www.epalugo.org) (menú esquerda: ESA Semipresencial>Información xeral).

O alumnado de 3º ESA Semipresencial que teña suspenso UN ámbito nese curso, poderá estar matriculado dese mesmo ámbito en 3º e 4º, co que poderá examinarse dos dous en xuño e/ou setembro (primeiro de 3º, e se aproba, a continuación de 4º) e **titular** sen ter que esperar ao ano seguinte

O mesmo que na opción anterior, isto non afecta en nada aos ámbitos aprobados en febreiro ou con anterioridade. Con respecto a estes ámbitos aprobados, non é necesario facer ningunha xestión, xa que a matrícula no curso seguinte para o 2º cuatrimestre é automática.

Para calquera dúbida sobre estes asuntos, consulte na oficina ou aos Xefes de estudo.